

CONCELLO DE PONTECESO

Nº Expte.: **IN407A/2009/051**

Denominación do proxecto: **LAT 66 Kv SET PE MONTE NEME–SET CABANA DE BERGANTIÑOS**

Solicitante/Promotor: **ENEL GREEN POWER ESPAÑA**

Situación: Concello de PONTECESO (A Coruña)

Asunto: Remisión da documentación relativa ao proxecto referenciado **para a súa exposición pública**.

Achegase a documentación que de seguido se relaciona e que poderán descargar a través da súa correspondente ligazón, para os efectos da súa exposición pública no taboleiro de anuncios dese Concello **durante o prazo de trinta (30) días** que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do Acordo (no DOG ou na VOZ DE GALICIA) que será o 14 de decembro no xornal La Voz de Galicia e previsiblemente o 19 de decembro no DOG. Ademais, esta documentación tamén se poderá **consultar no portal web** da Consellería de Economía, Industria e Innovación a través da seguinte ligazón:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

Documentación para exposición Pública:

Acordo de 27 de novembro de 2023 da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, e o estudo de impacto ambiental (EIA) do proxecto da LAT 66kV SET PE Monte Neme–SET Cabana de Bergantiños (expediente IN407A/2009/051).

<http://descargas.xunta.es/94f4b635-e558-4cb0-a219-47a4bf07c2301701087647784>

Documentación Técnica do Proxecto:

Proxecto de execución LAT PE M. Neme–SET Cabana de Berg (asdo 8-8-23)

<http://descargas.xunta.es/cc37735b-e5bc-4d55-8fb6-22a933113ec01699361694593>

Plano Xeral do proxecto LAT PE M. Neme–SET Cabana de Berg

<http://descargas.xunta.es/3bb96960-6cec-4b40-ad74-2fc5ac316a4c1699361855117>

Planos individuais dos predios afectados polo proxecto da instalación

<http://descargas.xunta.es/b9538913-480c-4622-8de7-ddae306852021700568909320>

Estudio de impacto ambiental (EIA) (asdo 20/01/23)

<http://descargas.xunta.es/a90c6788-628c-4c7e-8747-6f60acfba5be1699362158295>





Así mesmo, esta exposición faise co fin de cumprir co trámite de dar audiencia ao seu Concello, segundo co establecido no art.33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro e no art.144 do R.D.1955/2000, do 1 de decembro.

Rematado este prazo, **deberá remitir** a esta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña, un **certificado acreditativo** desta exposición no que deberá indicar:

- A **exposición pública**, especificando o **período da exposición**, **toda a documentación exposta**, anteriormente relacionada, así como indicar se presentaron alegacións ante ese Concello ou non e, de ser o caso, **relacionalas na certificación** para a súa constancia no expediente administrativo.

Todo o anterior co fin de dar cumprimento a o establecido no artigo 33.10 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia; no artigo 125 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e demais normativa vixente de aplicación.

A Coruña, na data indicada na sinatura dixital na marxe
O xefe do servizo de Enerxía e Minas
Juan José Iglesias Suárez

